

**INSTRUCCIÓN XERENCIAL DE 12 DE XANEIRO DE 2018
DA UNIVERSIDADE DE VIGO POLA QUE SE APROBAN AS
NORMAS DE XESTIÓN ECONÓMICO-ADMINISTRATIVO
DERIVADAS DA TRAMITACIÓN DE CONTRATOS
AMPARADOS NO ARTIGO 83 DA L.O.U.**

I.-Antecedentes

A Universidade de Vigo formaliza contratos de investigación con terceiros amparados no artigo 83 da L.O.U.:

“Los grupos de investigación reconocidos por la Universidad, los Departamentos y los Institutos Universitarios de Investigación, y su profesorado a través de los mismos o de los órganos, centros, fundaciones o estructuras organizativas similares de la Universidad dedicados a la canalización de las iniciativas investigadoras del profesorado y a la transferencia de los resultados de la investigación, podrán celebrar contratos con personas, Universidades o entidades públicas y privadas para la realización de trabajos de carácter científico, técnico o artístico, así como para el desarrollo de enseñanzas de especialización o actividades específicas de formación.”


II.-Desconcentración da xestión económica derivada da formalización de contratos con terceiros ao amparo do artigo 83 da L.O.U.

A Universidade de Vigo ten dotados nos seus orzamentos os créditos suficientes para facer fronte aos contratos formalizados con terceiros ao amparo do artigo 83 da L.O.U. na partida 00VI-131H-648. A Xerencia ten a competencia para reconecer obrigas e propoñer os pagos sobre esta partida orzamentaria.

Para o exercicio 2018, a Universidade de Vigo contará cunha ferramenta auxiliar de xestión que permitirá realizar os trámites administrativos económicos nos diferentes ámbitos en función da localización ou asignación do Investigador Principal de cada contrato amparado no artigo 83 da L.O.U.

O funcionamento da ferramenta informática e polo tanto da xestión económica administrativa será como segue:


- A) **Alta de actividades contratadas:**
A actividades contratadas serán dadas de alta polo Servizo de Apoio á Investigación no aplicativo SUXI.
- B) **Dotación orzamentaria previsión de ingresos:**
O Servizo de Apoio á Investigación dotará orzamentariamente as actividades contratadas nas súas diferentes anualidades e trasladará os fitos de facturación establecidos en cada contrato, así coma as anualidades e demais feitos con transcendencia económica.
A súa vez, o Servizo de Apoio á Investigación asignará o contrato formalizado ao grupo de traballo que corresponda segundo a localización do Investigador Principal no programa auxiliar de xestión económica.
- C) **Xestión dos ingresos:**
Será o Servizo de Apoio á Investigación o encargado de emitir as facturas aos terceiros nos aplicativos informáticos da Universidade de Vigo.
- D) **Xestión dos gastos:**
As Unidades de Apoio á investigación dos diferentes ámbitos serán as encargadas de realizar as tarefas administrativas relacionadas coas actividades contratadas nos aplicativos de gasto (pedidos, xustificantes internos, comisións de servizo,...).



As áreas económicas dos diferentes centros serán os responsables da tramitación e elaboración dos documentos contables de gasto asociadas as diferentes actividades contratadas.

Unha vez elaborados nos diferentes ámbitos económicos os documentos contables, deberán ser enviados en papel, ou cando este dispoñible, informáticamente, á sinatura do Xerente para cumprir coa delegación de competencias.

En Vigo a 12 de xaneiro de 2018



Manuel Fernández Jauregui
Xerente
Universidade de Vigo

SRES/AS. XEFES/AS DE SERVIZO
SRES/AS. ADMINISTRADORES/ AS DE CENTROS/ ÁMBITO/CAMPUS
SRES/AS. DIRECTORES DE DEPARTAMENTO
VICERREITORA DE INVESTIGACIÓN E TRANSFERENCIA